

CCOO REXEITA O PLAN DE ESTABILIDADE DE EMPREGO DO SERGAS

CCOO rexeita o borrador presentado por parte do SERGAS aos sindicatos do mal chamado "plan de estabilización", xa que na Mesa Sectorial en ningún momento se deu resposta aos interrogantes plantexados por CCOO e os demais sindicatos.

- NON cuantificaron o número total de prazas INTERINAS, SERVIZOS DETERMINADOS e outras PRAZAS ESTRUCTURAIS cubertas de xeito irregular dende hai anos.

- CCOO defende unha OPE EXCEPCIONAL con tódalas prazas estruturais, incluíndo as amortizadas dende 2010, e que sexa aberta para todos os que queiran opositar .

- CCOO defende o estricto cumprimento da Lei, o dereito a estabilizar tódolos contratos irregulares e o dereito a indemnización dos interinos e contratados en fraude de Lei.

- CCOO lamenta que teñamos que enterarnos polos medios de comunicación das "ofertas definitivas" do SERGAS. A CCOO non nos parece de recibo dar por consumada a postura do SERGAS, cando di que están dispostos a negociar.

13 de xaneiro do 2017